

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CORISTANCO, O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, O CONCELLO DE PONTECESO E O CONCELLO DE CARBALLO PARA A PRESTACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM).**

Na Casa do Concello de Carballo (A Coruña), a 8 de Marzo de 2016,

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, Amancio Lavandeira Suárez, en nome e representación do Concello de Coristanco.

Dunha parte, Eduardo José Parga Veiga, en nome e representación do Concello de Malpica de Bergantiños.

Dunha parte, Xosé Lois García Carballido, en nome e representación do Concello de Ponteceso

Da outra, Evencio Ferrero Rodríguez, en nome e representación do Concello de Carballo.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985. Do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

**EXPOÑEN**

I.- Que os municipios da Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Carballo, da provincia da Coruña, como entidades locais territoriais próximas, están interesadas en desenvolver as actuacións de cooperación e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais.

II.- Que entre o servizos públicos que, conforme a normativa vixente en materia de réxime local, nomeadamente a Lei 7/1985, de 2 de abril, trala última modificación operada pola Lei 27/2013, e a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, destacarían o de servizos sociais.

III.- Que é vontade dos concellos de Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Carballo establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan promover conxuntamente a prestación do servizo do Centro de Información ás Mulleres (CIM) tendo en conta os termos recollidos na

RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015" (D.O.G nº 194 do 09/10/2015)".

IV.- Que entre as ditas fórmulas de colaboración previstas pola normativa vixente destaca, pola súa sinxeleza e eficacia, a da sinatura dun convenio mediante o que se agrupan os catro concellos para que os catro poidan ser beneficiarios da subvención, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fóra do termo municipal.

V.- Que a normativa vixente en materia de réxime local, e concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 55 e seguintes, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, nos artigos 198 e 199, prevén a posibilidade destes convenios interadministrativos de colaboración entre entidades locais, para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

Os concellos de Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Carballo teñen a vontade de formalización do presente convenio neste documento administrativo en cumprimento do sinalado no art. 9 das bases reguladoras establecidas na RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, de acordo coas seguintes ESTIPULACIÓNS:

**Primeira.- Obxecto.-**

Os concellos de Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Carballo por medio do presente documento administrativo agrúpanse como municipios só para a prestación conxunta do servizo do Centro de Información ás Mulleres (CIM), ao abeiro da RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade (D.O.G nº194 do 09/10/2015).

Así pois o obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DE CARBALLO, a prestar de forma compartida entre os concellos de Carballo, Coristanco, Ponteceso e Malpica de Bergantiños.

**Segunda.- Obxectivos de colaboración.-**

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante una oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante una axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos disponibles.

**Terceira.- Representante da Agrupación.**

Conforme ao previsto no artigo 24.1.c das bases reguladoras recollidas na citada Resolución do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, determinouse que o Concello da Carballo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral de Igualdade, e polo tanto o concello petitionario da subvención convocada, que se identifica como entidade promotora solicitante.

Praza do Concello, s/n  
Teléfono 981 70 41 00  
15100 CARBALLO

A Coruña



Así pois será o alcalde do Concello de Carballo o representante da agrupación con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador/a, interlocutor/a, perceptor/a e xustificador/a da axuda.

#### **Cuarta.- Xestión do servizo.-**

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Carballo, e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos, materiais técnicos ou de servizo (sexá tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Este acordo de vontades non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos sustantivos do seu servizo, sendo responsabilidade do concello de Carballo dictar cantos actos ou resolución de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto deste servizo.

Atenderanse os casos remitidos polos servizos sociais, ou outros departamentos municipais (educación familiar,.....) dos Concellos respectivos, entre a poboación empadroadá neses Concellos. Igualmente atenderanse os casos remitidos polo persoal médico, Forzas e Corpos de Seguridade ou Xulgados deses Concellos. O resto de condicións establecidas para o servizo serán establecidas pola Comisión Mixta.

#### **Quinta.- Medios personais e materiais.**

O persoal e o material procederá do concello de Carballo, mantendo a súa evolución de trece anos de existencia do CIM no seu termo municipal.

Isto sen prexuício de calqueira axuda de custo que cada Concello estime pertinente para acudir a reunión, ou celebración de reunións nas súas dependencias, ou gastos similares.

O Centro de Información ás Mulleres de Carballo estará sito na Plaza Médico Eduardo Mariño s/n 15100 Carballo

#### **Sexta.- Obrigas dos Concellos.**

Os catro concellos asumen as obrigas que, como beneficiarios da subvención solicitada e, no seu caso, na que sexa outorgada ao abeiro da Resolución de 8 de outubro, da Secretaria Xeral de Igualdade (Diario Oficial de Galicia núm.194 do 09/10/2015).

Os catro concellos asumen o compromiso de achegar toda a documentación que sexa necesaria para o desenvolvemento do proxecto e para a xustificación parcial ou total da subvención outorgada, no seu caso. En particular deberán facilitar toda a documentación relacionada no artigo 35 das bases reguladoras da convocatoria.

As catro entidades, como beneficiarias da subvención, que, no seu caso, sexa outorgada, deberán acreditar nos momentos que se precise que están ao día coas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

#### **Sétima.- A Comisión Mixta. Coordinación.-**

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do presente convenio, constituírase una Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes/Alcaldesa, e ademais da súa presenza, estará integrada polo persoal técnico de cada Concello. Poderán ser invitados Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, persoal dos Xulgados ou dos centros educativos e de saúde dos Concellos asinantes.

A Comisión Mixta reunirse en Carballo, en sesión constitutiva no trimestre seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán as seguintes.

- Seguimento da xestión do servizo.
- A fixación do catálogo de condicións para a derivación de persoas usuarias do servizo.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polas persoas membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

**Oitava.- Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.-**

A Comisión Mixta deberán no prazo máximo de tres meses desde a sinatura do convenio, proceder a aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo.

**Novena.- Subvencións e axudas.**

Para a xestión do servizo poderán solicitarse axudas á Xunta de Galicia, Deputación de A Coruña, ou calquera outra Administración Pública ou entidade privada.

As solicitudes de subvencións e axudas para o servizo será comunicada á Comisión Mixta e solicitada polo concello de Carballo.

En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas, que como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

**Décima.- Deber de colaboración.**

Os concellos que compoñen a agrupación comprométese a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.

**Décimoprimeira.- Causas de extinción.**

Serán causas de extinción deste convenio:

- a) A denuncia unilateral por calquera das partes, por calquera outra causa xustificada con preaviso de tres meses.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento total ou parcial das cláusulas deste convenio.
- d) O transcurso do prazo de prescrición previsto nos arts. 35 e 63 da lei de subvencións.
- e) O vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio cada Concello recuperará os medios personais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

**Decimosegunda.- Vixencia.**

O vixente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas as axudas da Xunta de Galicia polo programa operativo FSE-Galicia 2007/2013, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

Praza do Concello, s/n  
Teléfono 981 70 41 00  
15100 CARBALLO


A Coruña




A vixencia deste convenio poderá prorrogarse por acordo expreso das Entidades Locais que conforman a agrupación, exclusivamente para a mesma finalidade, ata un prazo máximo de catro anos.


**Decimoterceira.- Natureza e xurisdicción competente.**

Este convenio ten natureza administrativa e se rexerá pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polas normas reguladoras da Administración local; no seu defecto, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, en último caso, polas normas de dereito privado, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdicción contencioso administrativa.

  
Amancio Lavandeira Suárez  
en nome e representación do Concello de Coristanco.

  
Eduardo José Parga Veiga  
en nome e representación do Concello de Malpica de Bergantiños.

  
Xosé Lois García Carballido  
en nome e representación do Concello de Ponteceso

  
Evencio Ferrero Rodríguez  
en nome e representación do Concello de Carballo.

Este convenio foi aprobado por acordo da Xunta  
de Goberno Local de data 14/03/2016.